

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA A MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE LIBRAMENTO DAS TRANSFERENCIAS CORRENTES DE FINANCIAMENTO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde formalizaron o 13.03.2026 o convenio arriba referido. Este convenio terá vixencia mentres se manteñan as circunstancias que motivaron a súa subscrición, sinaladamente, a existencia nas transferencias correntes de financiamento ao Servizo Galego de Saúde, financiadas con modalidades de fondos distintas á de fondos propios libres da Comunidade Autónoma e que teñan a consideración de incorporables. A vixencia deste Convenio circunscribírase ao exercicio orzamentario.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o réxime que se seguirá no libramento das transferencias correntes de financiamento que realiza a Consellería de Sanidade ao Servizo Galego de Saúde.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

O artigo 48. Dous da Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, establece que as achegas de natureza corrente deberanse librar con carácter mensual por doceavas partes, agás que mediante convenio se regule outro réxime diferente de pagamento. O mesmo artigo contempla que o convenio someterase a informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma sobre a adecuación do réxime de libramento proposto ao ritmo de execución do gasto corrente da entidade.

O Servizo Galego de Saúde participa na convocatoria de diversos proxectos europeos e de fondos do Estado, sendo os créditos destinados á realización destes proxectos de carácter finalista. Os fondos dótanse nos capítulos IV e VII da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, en función de que as actividades no Servizo Galego de Saúde se imputen a gastos correntes ou de capital. No caso de que os fondos finalistas se doten no capítulo IV (transferencias correntes), os libramentos destes fondos por doceavas partes, poden ter as seguintes consecuencias:

1. Aínda no caso de que no Servizo Galego de Saúde non se executen as actividades, recibe igual os fondos finalistas.
2. Os remanentes de fondos finalistas no Servizo Galego de Saúde son obxecto de incorporación ao ano seguinte; porén, na Consellería de Sanidade, de terse efectuado os libramentos por doceavas

partes, non hai remanentes para incorporar, producíndose un desequilibrio orzamentario ao ano seguinte.

No texto do convenio ao que se fai referencia, indícase que no orzamento de gastos da Consellería de Sanidade, concretamente na aplicación 1201/411A/430.07 que recolle as transferencias correntes de financiamento ao Servizo Galego de Saúde, dótanse fondos para distintas finalidades e segundo a súa procedencia, con distintas modalidades de financiamento.

Por todo o exposto, era preciso modificar o réxime de financiamento das achegas de natureza corrente que dende a Consellería de Sanidade se efectúan a favor do Servizo Galego de Saúde, de xeito que as achegas de fondos finalistas se efectúen atendendo ao ritmo de execución dos gastos no Servizo Galego de Saúde en cada un dos proxectos cuxo financiamento tamén é finalista.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

